# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA

CURSO: 5º E 6º EDUCACIÓN INFANTIL

MATERIA: - COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- COÑECEMENTO DO CONTORNO

- LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

| NIVEL: 5º E 6º EDUCACIÓN INFANTIL<br>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN | |
|---|---|
| COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL | |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN:<br>-Concienciarse da necesidade de levar a cabo hábitos de hixiene, saúde e coidado de sí mesmo.<br>-Manifestar os pripios gustos e preferencias á hora de realizar unha actividade.<br>-Colaborar nas rutinas da casa.<br>-Desenvolver unha boa motricidade fina para a realización de tarefas habituais. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:<br>-Actúa por iniciativa propia no coidado de persoal.<br>-Ten confianza nas súas posibilidades para a realización de tarefas habituais.<br>-Colabora nas rutinas da casa.<br>-Presenta unha boa motricidade fina. |
| COÑECEMENTO DO CONTORNO | |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN:<br>-Asociar os números traballados coas cantidades que representan.<br>-Escribir convencionalmente os números traballados.<br>-Recoñecer e representar formas xeométricas traballadas.<br>-Realizar pequena sumas.<br>-Identifiacar os cambios que se producen no contorno debido ás estacións. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:<br>-Asocia os números coas cantidades que representan.<br>-Escribe os números convencinalmente.<br>-Recoñece e representa as formas xeométricas básicas.<br>-Identifica os cambios que se producen no contorno debido ás estacións. |
| LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN | |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN:<br>-Escoitar textos orais ou a través de imaxes, vídeos con atención para comprender o seu contido e potenciar a capacidades narrativa propia.<br>-Recoñecer as grafías das letras (vogais, consoantes).<br>-Escribir palabras e pequenas frases.<br>-Practicar diversas técnicas plásticas.<br>-Progresar no coloreado de debuxos e na reprodución artística de obxectos. | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:<br>-Exprésase con frases correctas e terminadas.<br>-Escoita con atención contos, cancións…<br>-No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábica- algabética.<br>-As producción plásticas son orixinais e creativas. |

| 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN | |
|---|---|
| AVALICACIÓN | Procedementos: Os procedementos para levar a cabo a avalicación serán a seguinte:<br>-Observación continua do traballo que desenvolve na casa.<br>-Análise e valoración das produccións do alunmado.<br>-Valoración do desenvolvemento e autonomía que vai adquirindo o neno/a<br><br>Instrumentos:<br>-Traballos individuais, tanto do caderno como fichas, producións .<br><br>Instrumentos durante as clases telemáticas:<br>-Imaxes que mostran o resultaso do traballo dos neno/a.<br>-Vídeos onde se mostra o traballo do neno/a.<br>-Chamadas telefónicas/videochamadas ás familias e aos nenos/as. |
| CUALIFICACIÓN FINAL | Segundo as instruccións a avaliación final das aprendizaxes do alumnado realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobres as actividades realizadas dende a declaración do estado de alarma sempre e cando se beneficie ao alumnado.<br>Tendo en conta o carácter continuo da avaliación, terase en conta a nota do segundo trimestre, que se poderá incrementar nun máximo dun punto tendo en conta as tarefas realizadas durante o terceiro trimestre. |

| 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE ( REPASO, REFORZO E AMPLIACION) | |
|---|---|
| ACTIVIDADES | As actividades para o alumnado de infantil consiste sobre todo na realización de actividades de repaso, reforzo e tamén ampliación de:<br>- Audición de contos, cancións e visionado de vídeos relacionados coa letra que están a traballar.<br>-Fichas de grafomotricidade, trazo de letras, números, figuras xeométricas..<br>- Asociación de palabras ao debuxo correspondente.<br>-Debuxo libre e coloreado sobre temas como a primavera, a casa, o colexio, o conto que escoitaron…<br>-Conteo tanto na ficha como posteriormente con obxectos da vida cotiá(Xoguetes, pinturas…)<br>-Manualidades con materiais de refugallo. |
| METODOLOXÍA (todas as familias poden conectarse a través do teléfono) | Para levar a cabo as actividades diariamente contactamos coas familias para explicarlle, a través dun audio ou vídeo por whatsapp a ficha do caderno ou as actividades que teñen que facer.<br>Algunha fichas requiren vídeos, contos, cancións que tamén lle son enviadas por este medio…<br>Cando o alumnado ten as tarefas feitas, a familia envía foto das fichas, vídeos para ver como o nen@ fixo a tarea ou audios a veces de lecturas, pronuncia de fonemas..<br>Tamén se solucionan dúbidas a través do teléfono ou simplemente se lle mandan mensaxes ánimo, vídeos con felicitación de aniversarios aos compañeiros… |
| MATERIAIS E RECURSOS | - Libros de texto.<br>- Dispositivos móbiles.<br>- Fichas impresas.<br>- Enlaces a vídeos explicativos |

| 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE | |
|---|---|
| INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS | Toda a información que se lle manda ás familias faise a través de Abalar, páxina web do centro e teléfono sobre todo empregando a aplicación Whatssapp. |
| PUBLICIDADE | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |